



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

BANDO INFORMATIVO DA ALCALDÍA

BANDO INFORMATIVO DOS CORTES DE ESTRADAS E PROHIBICIÓNS DE ESTACIONAMENTO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FEIRAS DO ABRIL 2026

Diego Luis Díaz Méndez, alcalde do Concello de Val do Dubra,

EXPÓN:

Que os días 4, 5 e 6 de abril de 2026 se celebra o evento das Feiras do Abril no Concello de Val do Dubra e para tal actividade precisamos cortar un tramo de vía municipal, que dá acceso desde a Casa do Concello a Niveiro pola estrada provincial (DP-7804) tal e como figura na imaxe I do anexo que se achega.

Os días e horas do desvío serían desde o 3 de abril ás 08.00 horas (8 da mañá) ata o 6 de abril ás 00.00 horas.

En todo caso é preciso destacar que se deixará habilitado espazo para un carril de emerxencia no caso de que sexa necesario o paso dalgún vehículo especial á estrada xeral.

Por todo o anterior, durante esas tres xornadas procederase ao desvío do tráfico que sairía pola estrada da Rocha na parroquia de Niveiro, tal e como figura no plano que se achega como imaxe II.

Outra alternativa de saída de Niveiro á DP-1914 será desde o Barral ata Faxón (soamente para vehículos, evitando o paso de camións ou furgóns).

Así mesmo prohibese o estacionamento en exterior no tramo cortado para o desenvolvemento das Feiras do Abril durante os días 4 e 5 de abril.

Queda prohibido o estacionamento na parte superior do Campo da Feira de Bembibre, para a instalación da polbeira, desde o domingo 5 de abril ata o martes 7 de abril de 2026.

Val do Dubra, na data que consta na sinatura dixital

O alcalde
Diego Luís Díaz Méndez




CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

ANEXO I

IMAXE I: TRAMO MUNICIPAL CORTADO 4,5,6 de ABRIL



IMAXE II : DESVÍO



Val do Dubra, naturalmente